

# **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

## **CEIP DAS FONTIÑAS**



**XUÑO, 2024**

Aprobado en Claustro o 28/06/2024; acta nº 181

## ÍNDICE

|                                            |    |
|--------------------------------------------|----|
| 1. INTRODUCCIÓN .....                      | 3  |
| 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO ..... | 5  |
| 3. MARCO LEGAL .....                       | 8  |
| 4. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL .....           | 10 |
| 5. OBXECTIVOS .....                        | 11 |
| 6. ACTUACIÓNS .....                        | 17 |
| 7. METODOLOXÍA .....                       | 22 |
| 8. AVALIACIÓN .....                        | 23 |

## 1. INTRODUCCIÓN

A titoría, como actividade inherente á función docente, realízase ao longo de todo o proceso educativo, de xeito individual ou colectivo, coa finalidade de que o alumnado mellore o seu rendemento académico, solucione as súas dificultades escolares e consiga hábitos de traballo e de estudo, de reflexión e de convivencia social que garantan o uso adecuado das liberdades, e fomenten o espírito responsable e participativo.

O **Plan de Acción Tutorial (PAT)** é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e o funcionamento das titorías no centro. É responsabilidade do Departamento de Orientación “elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, a proposta do plan de acción tutorial, así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans”. Deste xeito, deseñará as estratexias e criterios xerais que deberán orientar a labor de todo o profesorado tutor ao longo do curso e aportará a información e o material que dende a realidade educativa se demande.

O sistema tutorial convértese na peza clave do proceso escolar e na base e punto de partida das actividades docentes e comunitarias, debendo reflectir a realidade do centro e adaptándose ás necesidades educativas dos seus alumnos/as, profesorado e familias. É a figura do titor/a o eixe que coordina e dinamiza este proceso, concibíndose así a **titoría** como unha actividade inherente á función do profesor que se realiza individual e colectivamente cos alumnos/as dun grupo clase, co fin de facilitar a integración dos procesos de aprendizaxe.

En Educación Infantil e Primaria o PAT deberá canalizarse integramente a través da acción educativa global, existindo nestas etapas educativas unha maior conexión entre a función docente e a tutorial que no resto das etapas.

En canto a **Atención á Diversidade**, a función tutorial garante a atención específica e individual a cada alumno/a e débese asistir e procurar os medios precisos para dar resposta á individualidade e diversidade de cada un, atendendo ás necesidades persoais. No contexto educativo as diferenzas que teñen que ver coa aprendizaxe refírense ás capacidades, intereses,

motivacións e estilos de aprendizaxe. Dende o modelo que propugnamos, a institución escolar ten que realizar un gran esforzo axustando a resposta que lle damos aos nosos alumnos/as como colectivo e de forma individual.

Ao longo da escolaridade, en momentos concretos ou de forma permanente, en materias determinadas ou practicamente en todas elas, moitos alumnos/as poden e van necesitar de adecuacións educativas, en metodoloxías didácticas específicas, que vai máis alá do concepto de necesidades específicas, tendo como obxecto a atención de moitas necesidades bastante comúns en todo grupo de alumnos/as.

Un concepto que convén aclarar é o de **Apoio Educativo**, entendido como a variedade de estratexias educativas que complementan, consolidan ou enriquecen a acción educativa.

Outro é o de **Necesidade Específica de Apoio Educativo**, que desde este modelo de traballo, pode afectar a calquera alumno/a nalgún momento da súa escolaridade, ben pola especialización dos métodos de traballo necesarios, ou pola necesidade de traballar individualmente durante algúns momentos, para que poidan superar as súas dificultades. Isto supón a inmersión do profesorado con dispoñibilidade horaria e o profesorado especialista (Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe) a axeitada resposta ás necesidades educativas, permanentes ou transitorias, que reclaman actividades e programas de orientación educativa e profesional, así como intervención psicopedagóxica que deben estar a disposición do centro e do profesorado. Son actividades que se realizan para orientar, asistir, completar e reforzar os procesos de aprendizaxe dos alumnos/as e constitúen moitas veces un soporte e asistencia ao propio profesorado.

Este plan de acción executarase e aplicase nas aulas, non pode quedarse a un nivel teórico, e será aprobado coas indicacións do profesorado que o vai levar a cabo, xa que concirne á realidade das aulas nas que traballa e aos alumnos/as que ensinan. Ademais terá en conta actuacións levadas a cabo no centro (logros, experiencias...), a realidade actual (necesidades) e ao contexto para poder proxectar un futuro. As propostas que aparezan neste plan teñen que contrastarse coa realidade, punto esencial no que está pensado todo o

documento. E, por último, hai que ter presente que o obxectivo principal do plan é promover a mellora e o cambio en aspectos que se precisen.

Este plan está suxeito a revisións periódicas ou puntuais se aparecen novas necesidades e axústase aos cambios que se producen ao longo do tempo.

Partindo destas premisas, desenvólvese o noso PAT articulado entorno a:

- ✦ A acción titorial e as funcións dos titores.
- ✦ Actuacións prioritarias que levan ao desenvolvemento desas funcións no contorno deste centro.

## 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### **CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTEXTO**

O CEIP das Fontiñas é un centro educativo público da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades inaugurado en setembro de 1993, no barrio que leva o seu mesmo nome, As Fontiñas, no concello de Santiago de Compostela.

Na zona, ata o 1988, só existían dous núcleos de vivendas unifamiliares, momento no que se comezou a construír grandes bloques residenciais. Na actualidade conta cunhas 4.000 vivendas e arredor de 15.000 habitantes.

Este aumento de poboación foi o creador da necesidade da construción dun novo centro educativo na zona. A pouca distancia está o CEIP Monte dos Postes, que foi o referente de matriculación do alumnado da zona ata a inauguración do noso centro.

A meirande parte das persoas que residen no barrio proveñen doutras zonas do concello ou de fora da cidade e comezaron a vivir neste barrio por razóns laborais ou pola oferta de vivendas de promoción pública.

De acordo co diagnóstico comunitario do Barrio das Fontiñas do ano 2020, elaborado polos Servizos Sociais do concello, o 14,2% da súa poboación estaba composta por persoas maiores, unha proporción menor que a dos menores de idade -15,7%- e lixeiramente superior ao 12,5% de xuventude. Outro elemento característico da poboación do barrio é a súa diversidade: o 2,2% dos habitantes son estranxeiros, unha das proporcións máis elevadas da cidade.

O alumnado do centro reside na súa maioría no barrio ou en zonas próximas. Tendo en conta a tipoloxía de vivendas: carácter social, promoción oficial e privada, tradúcese nunha heteroxeneidade en cando a nivel socioeconómico dos habitantes e, por extensión, do noso alumnado.

Do mesmo xeito, é destacable a diversidade cultural en parte á porcentaxe de alumnado estranxeiro matriculado e á presenza dunha porcentaxe considerable de alumnado da comunidade xitana.

Toda esta variedade social está representada no centro, o que favorece o establecemento de relacións interculturais moi enriquecedoras para toda a comunidade educativa.

Nas súas proximidades atópanse: IES Antonio Fraguas (centro de referencia deste colexio), IES Fontiñas, CEIP Monte dos Postes, centro sociocultural, centro de saúde, Cruz Vermella, centro parroquial...

En canto ás instalacións do CEIP das Fontiñas, está composto por dous edificios independentes (con eliminación de barreiras arquitectónicas):

- Un para Educación Infantil, con: seis aulas para alumnos/as, aula de uso polivalente, servizos (de alumnado e profesorado), conserxería, patio cuberto, espazo axardinado e espazo para xogos.
- E outro para Educación Primaria, con planta principal e dous pisos (aos que se pode acceder por escaleira ou ascensor), nos que se distribúen: catorce aulas para alumnos/as, aula de música, aula de relixión católica, aula de relixión evanxélica, tres aulas de apoio (compartidas polo profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe), departamento de orientación, dúas titorías, biblioteca, comedor escolar, servizos (de alumnado e profesorado), un servizo adaptado, zona administrativa (que consta de: conserxería, secretaría, xefatura de estudos, dirección, local para a ANPA -compartido coa unidade da UACO/RAOGAL- e sala de profesores), ximnasio (con servizos, dous vestiarios, titoría de Educación Física e un pequeno almacén de material deportivo) e patio cunha pequena zona axardinada.

Ambos edificios están separados por un espazo axardinado e beirarrúa para o paso de peóns. Polas súas características o centro non dispón de transporte, pero si de comedor escolar. Contamos cun horario lectivo de xornada única, de

09:00 a 14:00 horas. Polas tardes actividades extraescolares, en horario de 16:00 a 18:00 horas, que programa a ANPA. Durante o tempo que duran ditas actividades permanece aberta a Biblioteca, onde, baixo a coordinación de profesorado do centro, o alumnado pode consultar libros e retirar material bibliográfico en calidade de préstamo e levalo ao seus domicilios.

### **CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO**

Na actualidade o número de alumnos/as é de 407, distribuídos da seguinte forma: 102 en Educación Infantil e 305 en Educación Primaria. É un centro que conta con dous grupos por curso/nivel (liña 2), a excepción de dous cursos/niveis que contan con tres grupos (liña 3). Polo tanto, en Educación Infantil (segundo ciclo) contamos con seis unidades e en Educación Primaria con 14 unidades.

O número de alumnado da comunidade xitana ronda o 11%. Así mesmo, incrementou significativamente o número de alumnado estranxeiro, sendo este de diferentes niveis curriculares e países de procedencia: Portugal, Venezuela, Cuba, Brasil, Ecuador, Perú, República Dominicana, Colombia, China, Vietnam, Marruecos, Senegal, entre outros.

Nos últimos anos tamén aumentou de maneira notable o alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo (NEAE): necesidades educativas especiais, atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, trastornos de atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, situacións de vulnerabilidade socioeducativa, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo e condicións persoais ou de historia escolar.

A relación entre alumnado e profesorado do noso centro pódense cualificar de boa, baseada no respecto mutuo, na tolerancia e nunha boa convivencia, intentando acadar unha formación integral do alumnado, compaxinando a actividade académica cun amplo programa de actividades extraescolares aprobado polo Consello Escolar.

### **CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO**

O Claustro do CEIP das Fontiñas está constituído por: seis mestras titoras de educación infantil, dúas mestras de apoio de educación infantil, catorce mestres/as titores/as de educación primaria, dúas mestras de lingua estranxeira (inglés), dúas mestras de relixión (evanxélica e católica), un mestre

de música, dous mestres/as de educación física, unha mestra de PROA+, tres mestras de pedagogía terapéutica, dúas mestras de audición e linguaxe e unha orientadora.

### **CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL NON DOCENTE**

O CEIP das Fontiñas conta con: dous PACs (Persoal Auxiliar Coidador) a tempo completo, un PAC compartido con outro centro (acude ao noso centro dous días a semana), dous conserxes (unha en educación infantil e outro en educación primaria), unha auxiliar administrativa, persoal de limpeza e persoal de comedor e actividades extraescolares dependentes dunha empresa contratada polo Concello de Santiago.

### **ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS (ANPA)**

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA) traballa en estreita colaboración co Consello Escolar, co Claustro de Profesores e co Equipo Directivo do Centro, organizando actividades extraescolares e apoiando calquera iniciativa que redunde no beneficio do alumnado e de toda a comunidade escolar.

## **3. MARCO LEGAL**

- ✓ Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación na redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOE-LOMLOE).
- ✓ Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional, regulado polo decreto 120/1998.
- ✓ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✓ Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á

diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

- ✓ Circular 10/2010 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- ✓ Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuación e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- ✓ Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ✓ Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ✓ Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria e o regulamento orgánicos dos institutos de educación secundaria, respectivamente.

- ✓ Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das Escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### 4. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial, neste centro, concíbese coma unha tarefa compartida que require para o seu desenvolvemento a colaboración de todos os sectores da comunidade educativa: profesorado, familias e alumnado.

Os grandes obxectivos e finalidades da titoría poden sintetizarse afirmando que a acción titorial debe pretender a axuda e orientación na formación humana e académica do alumno/a, procurando un axeitado crecemento e potenciación de todos os aspectos humanos, sociais e escolares da persoa en formación, baseándonos en que debemos:

- ✓ **Formar:** crear unhas condicións favorables, dentro do contexto educativo, para que poida darse un crecemento e maduración das aptitudes, actitudes e destrezas de todos e cada un dos alumnos/as, posibilitando neles, mediante o estímulo axeitado e a acción programada e planificada, o maior desenvolvemento posible das distintas facetas que configuran a personalidade global do educando.
- ✓ **Informar:** aos propios alumnos/as, familias e profesorado das posibilidades e limitacións reais e plurais das características do propio alumno/a, do centro ou do sistema educativo, tomando conciencia delas e procurando ofertar alternativas, prever causas, consecuencias, vantaxes e inconvenientes en situacións concretas.
- ✓ **Previr:** adiantarse ás situacións de risco ou posible aparición de problemas, tanto psicoevolutivos como sociais e de aprendizaxe, para que isto non afecte negativamente á evolución do alumno/a.
- ✓ **Axudar a decidir:** apoiándose no coñecemento de cada alumno/a, axudarlle a saber elixir por si mesmo, dunha forma realista e obxectiva, entre as opcións máis axeitadas as súas características persoais.

## 5. OBXECTIVOS

Textos lexislativos como o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, da Consellaría de Educación e Organización Universitaria, no seu artigo 81º establece as funcións que cada mestre/a debe desenvolver, ademais das súas tarefas docentes específicas.

Sinalar:

- ✖ Coñecer as características do alumnado a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar (competencia curricular, estratexias de aprendizaxe, motivación e intereses) coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- ✖ Favorecer a integración do novo alumnado, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo.
- ✖ Establecer unha liña de comunicación-información permanente do grupo de alumnos/as e o equipo docente.
- ✖ Promover unha exploración psicopedagóxica individual da totalidade do alumnado, para contribuír ao seu coñecemento e ao axuste da intervención educativa.
- ✖ Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios recollidos no Proxecto Educativo.
- ✖ Favorecer procesos de mellora educativa a través da aplicación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos equipos docentes, co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación.
- ✖ Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos/as, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.

- ✕ Contribuír á mellora da coordinación e asegurar a continuidade educativa entre os distintos centros, ciclos e/ou etapas.
- ✕ Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.

Ao longo do curso académico, e para todo o alumnado do centro, os obxectivos que se propoñen a continuación desenvolveranse de xeito interdisciplinar en tódalas áreas, e de xeito máis intenso a través da figura do profesor titor/a encargado desta función.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

### CO GRUPO-CLASE DE ALUMNOS/AS

- ✓ Organizar actividades de benvida ao principio de curso e especialmente para aqueles alumnos/as que se incorporen por primeira vez ao centro.
- ✓ Preparar ao inicio e final de curso actividades conxuntas que favorezan a transición dunha etapa a outra.
- ✓ Comentar, ao principio de curso, as normas de organización e funcionamento da clase, do centro, así coma os deberes e os dereitos dos alumnos/as establecidos no NOFC e no Plan de Convivencia.
- ✓ Ao principio de curso, explicaranse as funcións da tutoría e do resto do equipo docente. Tamén se informará da organización xeral do centro.
- ✓ Organizar actividades que fomenten a convivencia e a participación dos alumnos/as na vida do centro, así como realizar actividades encamiñadas a integración de todos os alumnos/as no grupo.
- ✓ Analizar co resto do equipo docente, nas reunións a tal efecto, as posibles dificultades escolares dos alumnos/as e arbitrar conxuntamente medidas para a súa mellora.
- ✓ Efectuar o seguimento e o control da asistencia dos alumnos/as.
- ✓ Establecer co equipo docente os criterios xerais para a organización da clase, dos horarios, da práctica docente, da programación, dos

necesarios apoios e a elaboración de materiais, así como coordinar a programación das actividades complementarias lectivas.

- ✓ Comentar co equipo docente os criterios de avaliación de cada unha das áreas ou materias, segundo a súa especificidade, así coma os criterios xerais de avaliación e os de promoción.
- ✓ Transmitir ao equipo docente todas aquelas informacións necesarias sobre o grupo que poidan ser útiles para o desenvolvemento da tarefa docente e para as relacións entre os alumnos/as e o funcionamento do grupo.
- ✓ Preparar, coordinar e moderar as sesións de avaliación do grupo procurando que o seu desenvolvemento se axuste á avaliación global, continua e formativa.
- ✓ Efectuar a avaliación inicial do grupo para coñecer o punto de partida dos distintos alumnos/as do grupo.
- ✓ Efectuar reunións xerais cos pais/nais/titores/as legais do alumnado. Ao inicio de curso efectuarase unha sesión para informarlles da organización da clase e do grupo, das actividades complementarias lectivas e das normas xerais de funcionamento do centro.
- ✓ Informar e asesorar ao alumnado e as familias ao inicio e final de cada etapa.
- ✓ Procurar a colaboración das familias en relación ao traballo persoal dos seus fillos/as: traballo diario, necesidade do tempo libre, relación con outros compañeiros/as...
- ✓ Coordinarse co Departamento de Orientación para o seguimento xeral do grupo nos aspectos de integración, convivencia, detección de necesidades e medidas posibles para a mellora do funcionamento do grupo.
- ✓ Participar nas actividades complementarias lectivas e xerais que se organicen.

**CON CADA ALUMNO/A**

O mestre/a como tutor/a deberá realizar un seguimento individual de cada un dos alumnos/as do seu grupo, tanto no seu proceso de aprendizaxe coma no seu desenvolvemento persoal e a súa integración co grupo clase do que forma parte.

As actividades que se realizarán a tal efecto serán:

- ✓ Recoller información sobre a situación persoal, familiar e académica do alumno/a.
- ✓ Avaliar inicialmente o seu rendemento académico.
- ✓ Coñecer a situación de cada alumno/a dentro do grupo e no seu entorno escolar.
- ✓ Favorecer o coñecemento de si mesmo de cada alumno/a e a súa aceptación, traballando a súa autoestima.
- ✓ Profundar no coñecemento das aptitudes, intereses, actitudes e motivacións de cada alumno/a coa finalidade de axudalo nas súas actuacións e nas súas decisións.
- ✓ Orientalo continuamente no seu traballo escolar, na súa actuación cos compañeiros/as e na súa integración dentro do grupo clase.
- ✓ Entrevistarse cos pais/nais/titores/as legais de cada alumno/a para solicitar información sobre o alumno/a de maneira que contribúa á mellora do seu rendemento escolar e da formación da súa personalidade.
- ✓ Detectar as necesidades puntuais do alumno/a e se fora necesario derivalo ao Departamento de Orientación coa información necesaria para facer a pertinente avaliación psicopedagóxica.
- ✓ Individualizar a avaliación de cada alumno/a nas sesións ao efecto.
- ✓ Coordinarse co equipo docente para a elaboración de materiais necesarios e a aplicación das medidas necesarias para a mellora do seu rendemento académico, da adquisición das competencias establecidas na proposta curricular e do seu comportamento e integración no grupo.

**COS MESTRES/AS DO EQUIPO DOCENTE**

O profesorado titor coordinarase cos mestres/as que interveñen no seu grupo coa finalidade de que o proceso de aprendizaxe e ensinanza e a formación integral do alumno/a sexan óptimas.

A tal efecto realizaranse as seguintes actividades:

- ✓ Coordinar e adaptar as programacións ao grupo de alumnos/as e especialmente a aqueles alumnos/as que necesiten calquera medida de apoio ou reforzo.
- ✓ Coordinarse co equipo docente respecto á organización da clase, responsabilidades, materias, espazos e tempos do grupo/clase.
- ✓ Coordinar o proceso de avaliación e seguimento dos alumnos/as con todos os mestres/as que imparten clase no grupo e recoller a información que sobre os alumnos/as lle proporcionan o equipo docente.
- ✓ Posibilitar e coordinar liñas comúns de actuación respecto a outras tutorías dentro da programación educativa do centro e da comisión de coordinación pedagóxica.
- ✓ Respetar e levar a cabo os acordos tomados nas reunións sobre os temas que afectan ao desenvolvemento da educación dos alumnos/as.
- ✓ Axudar nas posibles situacións de conflito entre mestres/as e alumnos/as.
- ✓ Transmitir aos mestres/as do equipo docente aquelas informacións sobre os alumnos/as do grupo que poidan ser beneficiosas para o desenvolvemento de todas as actividades docentes e da formación integral dos alumnos/as.
- ✓ Solicitar a información necesaria dos especialistas sobre o rendemento académico e a integración do alumno/a no grupo.
- ✓ Coordinar a información que deben recibir os pais/nais/titores/as legais sobre o rendemento xeral do alumno/a.
- ✓ Coordinar as reunións xerais cos pais/nais/titores/as legais para o seguimento xeral e particular do grupo.

- ✓ Coordinar as actividades complementarias lectivas programadas polos mestres/as do equipo docente tendo en conta os criterios xerais do centro para o desenvolvemento destas actividades. Ditas actividades deberanse programar coordinadamente ao inicio de curso. No seu desenvolvemento implicaranse, segundo os distintos casos, o mestre/a titor/a e os diversos especialistas que acompañarán ao grupo.

### **CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

O Departamento de Orientación, tendo en conta os recursos persoais (mestres/as especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe) dos que dispoña, farase cargo de atender as necesidades específicas transitorias ou permanentes dos alumnos/as que o requiran.

As actividades do titor/a respecto ao Departamento de Orientación quedan así sinaladas:

- ✓ Colaborar na elaboración do Plan de Acción Titorial, aportando ideas e actividades que complementen a acción titorial co alumnado.
- ✓ Convocar ao Departamento de Orientación cando se considere preciso para o seguimento xeral do grupo de alumnos/as.
- ✓ Cubrir o documento de derivación ao Departamento de Orientación cando un alumno/a necesite da intervención deste.
- ✓ Aportar ao Departamento de Orientación toda a información necesaria sobre o alumno/a que teña.
- ✓ Facilitar a relación das familias co Departamento de Orientación, informándolles das funcións deste.
- ✓ Informar á Xefatura de Estudos das necesidades dos alumnos/as respecto ao Departamento de Orientación de modo que nas reunións de coordinación semanais previstas se poidan revisar os diferentes casos.
- ✓ Solicitar do Departamento de Orientación a información necesaria para o traballo co grupo tanto dende o punto de vista de dificultades de aprendizaxe coma comportamentos, actitudes...

**COAS FAMILIAS**

- ✓ Impulsar a participación e colaboración dos pais/nais/titores/as legais na vida do centro e no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.
- ✓ Orientar ás familias na súa labor educativa con contactos periódicos co tutor/a e implicalas en actividades de apoio e orientación dos seus fillos/as.
- ✓ Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos/as, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Facilitar o intercambio de información cos pais/nais/titores/as legais.

**6. ACTUACIÓNS**

|                               | ACTIVIDADES                                                        | CURSO                                                  | TEMPORALIZACIÓN  |
|-------------------------------|--------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|------------------|
| <b>Acollida e integración</b> | Período de adaptación                                              | 4º Educación Infantil                                  | Setembro         |
|                               | Coñecemento do contorno escolar: físico e social                   | 4º Educación Infantil e alumnado de nova incorporación | 1º Trimestre     |
|                               | De acollida e integración para os que se incorporan novos ao grupo | Educación Infantil e Primaria                          | Na incorporación |

|                                                    |                                                                                                                                                                                                    |                               |                                  |
|----------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|----------------------------------|
|                                                    | Identificar, dentro da estrutura organizativa do centro, as persoas que poden non ser mestres/as seus e coas que poden necesitar relacionarse: director, xefe de estudos, orientadora, conserxe... | Educación Infantil e Primaria | 1º Trimestre ou na incorporación |
|                                                    | Coñecer as normas mínimas de funcionamento do centro (entradas e saídas, recreos...)                                                                                                               | Educación Infantil e Primaria | Desde principio de curso         |
| <b>Organización e funcionamento do grupo-clase</b> | Entrevista persoal cos pais/nais/titores/as legais                                                                                                                                                 | 4º Educación Infantil         | Inicio do curso                  |
|                                                    | Reunión para o intercambio de información coas familias do alumno/a                                                                                                                                | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                     |
|                                                    | Observación de condutas manifestadas polo neno/a e recollida de información                                                                                                                        | Educación Infantil e Primaria | 1º Trimestre                     |
|                                                    | Detección de alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo                                                                                                                               | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                     |
|                                                    | Establecer normas de convivencia e utilización e coidado de materiais                                                                                                                              | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                     |
|                                                    | Organización da aula en espazos diferenciados                                                                                                                                                      | Educación Infantil e Primaria | 1º Trimestre                     |
|                                                    | Desenvolvemento de habilidades de resolución de conflitos                                                                                                                                          | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                     |
|                                                    | Dinámicas de integración no grupo con especial atención aos que teñen problemas de relación                                                                                                        | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                     |

|                                                     |                                                                                                                                                                                            |                               |              |
|-----------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|--------------|
| <b>Adquisición e mellora de hábitos de traballo</b> | Adquisición de hábitos de autonomía e autocoidado                                                                                                                                          | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso |
|                                                     | Desenvolvemento progresivo de hábitos de traballo autónomo                                                                                                                                 | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso |
|                                                     | Potenciación da linguaxe oral a nivel expresivo e comprensivo                                                                                                                              | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso |
|                                                     | Técnicas de estudo: traballo individual, en grupo, organización do traballo persoal...                                                                                                     | Educación Primaria            | Todo o curso |
|                                                     | Destrezas instrumentais: comprensión lectora, técnicas de recollida de información, técnicas para mellorar a retención e o recordo...                                                      | Educación Primaria            | Todo o curso |
|                                                     | Actividades encamiñadas á consecución de actitudes participativas, habilidades sociais, autoestima positiva, autocontrol, convivencia entre os alumnos/as, interacción titor/a-alumno/a... | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso |
| <b>Proceso de aprendizaxe e avaliación</b>          | Detección de dificultades na aprendizaxe                                                                                                                                                   | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso |
|                                                     | Concreción na acción educativa para responder ás necesidades educativas que se presenten                                                                                                   | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso |
|                                                     | Realización de adaptacións curriculares                                                                                                                                                    | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso |

|                                              |                                                                                                                                |                               |                                      |
|----------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|--------------------------------------|
|                                              | Información trimestral ás familias sobre o progreso educativo dos seus fillos/as                                               | Educación Infantil e Primaria | Final do trimestre                   |
|                                              | Colaboración na realización de actividades e entrevista (intercambio de información) co profesorado da etapa ou curso seguinte | Educación Infantil e Primaria | Final/Inicio do curso                |
| <b>Coordinación mestres/as especialistas</b> | Coñecer o horario dos especialistas do seu grupo                                                                               | Educación Infantil e Primaria | Inicio do curso                      |
|                                              | Informarlles das características do grupo de alumnos/as e de cada un deles                                                     | Educación Infantil e Primaria | Inicio do curso                      |
|                                              | Intercambiar información en reunións de coordinación: rendemento, actitudes, actividades...                                    | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                         |
|                                              | Coordinación metodolóxica e estratexias para modificar condutas inapropiadas                                                   | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                         |
|                                              | Coordinación na avaliación para realización do informe para as familias, tanto os trimestrais como os de final de curso        | Educación Infantil e Primaria | Final de trimestre<br>Final de curso |
| <b>Coordinación cos mestres/as de apoio</b>  | Coñecer o horario do alumnado con necesidade específica de apoio educativo do seu grupo                                        | Educación Infantil e Primaria | 1º Trimestre                         |
|                                              | Intercambio de información sobre os alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo: rendemento, actitudes...          | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                         |

|                              |                                                                                                                                                                                     |                               |                                      |
|------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|--------------------------------------|
|                              | Participar cos mestres/as na elaboración das adaptacións curriculares                                                                                                               | Educación Infantil e Primaria | 1º Trimestre                         |
|                              | Coñecer actividades específicas para desenvolverlas na aula e informar dos resultados aos mestres/as de apoio                                                                       | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                         |
|                              | Coordinación na avaliación para a realización do informe para as familias, tanto os trimestrais como os de final de curso para os alumnos/as que presentan NEAE                     | Educación Infantil e Primaria | Final de trimestre<br>Final de curso |
| <b>Equipo de ciclo/nivel</b> | Programar contidos didácticos nas reunións de ciclo                                                                                                                                 | Educación Infantil e Primaria | Inicio do curso                      |
|                              | Desenvolvemento, seguimento e avaliación das actividades programadas                                                                                                                | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                         |
|                              | Avaliación final e toma de decisións para o curso seguinte                                                                                                                          | Educación Infantil e Primaria | Final de curso                       |
| <b>Outros profesionais</b>   | Reunións con gabinetes externos que atenden aos alumnos/as con NEAE                                                                                                                 | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                         |
|                              | Coordinación e intercambio de información co Equipo de Orientación Específico sobre o alumnado susceptible de avaliación psicopedagóxica, cambio de modalidade de escolarización... | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso                         |

|                                                                 |                                                                                                                                                            |                               |                 |
|-----------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|-----------------|
|                                                                 | Coordinación e intercambio de información co Departamento de Orientación do IES                                                                            | 6º Educación Primaria         | Final de etapa  |
| <b>Información, participación e cooperación familias-centro</b> | Reunión grupal para explicar aspectos relacionados co funcionamento do centro (horario, normas, posibilidades de participación...) e período de adaptación | Educación Infantil e Primaria | Inicio do curso |
|                                                                 | Entrevistas individuais: coñecer información dos fillos/as, comentar información do centro...                                                              | Educación Infantil e Primaria | Inicio do curso |
|                                                                 | Información periódica sobre condutas dos seus fillos/as e adquisición de aprendizaxes                                                                      | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso    |
|                                                                 | Colaborar coas familias no traballo persoal dos alumnos/as fóra da aula: organización de tempos axeitados de xogo, descanso, alimentación, estudo...       | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso    |
|                                                                 | Fomento do diálogo para intercambiar información e analizar e valorar a marcha do curso                                                                    | Educación Infantil e Primaria | Todo o curso    |

## 7. METODOLOXÍA

A proposta de actuacións deixa aos titores/as unha ampla marxe de autonomía co fin de que poidan axustarse á realidade de cada grupo e ás características individuais do alumnado. Deste xeito, os titores/as deixan de ser meros executores dun plan previamente establecido e pasan a ter un papel activo nas decisións relativas aos obxectivos e contidos planificados.

Os materiais que se empregarán para o desenvolvemento das actividades propostas serán elaborados polos mestres/as en coordinación co Departamento de Orientación e extraídos de diferentes materiais bibliográficos.

Tratarase de facer un tratamento personalizado, promovendo a atención individual ao alumnado que o necesite. Dende a tutoría potenciarase o coñecemento do alumnado a través de: revisión de expedientes, reunións de equipos docentes, aplicación de cuestionarios persoais e tutorías coas familias.

## **8. AVALIACIÓN**

Na avaliación do Plan de Acción Tutorial participarán tódolos axentes implicados. Farase ao longo de todo o proceso de cara a que este sexa reorientado se é necesario. Tamén haberá unha avaliación final ao remate do curso.

Os instrumentos que se empregarán serán variados: entrevistas, cuestionarios de auto-avaliación e niveis de participación, informes de fin de curso e actas das reunións.

Os criterios de avaliación deberán referirse aos obxectivos específicos e terán en conta:

- Planificación das actividades de tutoría, tanto cos propios alumnos/as como coas familias.
- Grao de implicación do profesorado.
- Interese do alumnado.
- Grado de colaboración de pais/nais/titores/as legais.
- Participación nas actividades programadas.
- Asistencia ás reunións e entrevistas.
- Adecuación das actividades realizadas ás necesidades e intereses do grupo.
- Utilización de materiais e recursos variados e motivadores.
- Adecuación da temporalización das actividades.

## **OBXECTIVOS**

- ✚ Valorar a funcionalidade e a eficacia do Plan de Acción Titorial á hora de aplicalo e lévalo a cabo.
- ✚ Detectar aqueles aspectos e accións titoriais deseñadas que non sexan funcionais ou non dean resultados óptimos na aplicación do Plan de Acción Titorial.
- ✚ Buscar estratexias de mellora, por parte do equipo docente do grupo afectado, para aqueles aspectos que non funcionen na aplicación do Plan de Acción Titorial, adaptándoo ás súas características e necesidades.
- ✚ Establecer a periodicidade conveniente para a revisión, a avaliación e o control na aplicación do Plan de Acción Titorial.
- ✚ Enriquecelo con novos programas específicos que desenvolvan a acción titorial no centro.

## **PERIODICIDADE**

- ✦ O Plan de Acción Titorial revisarase e avaliarase anualmente na memoria de final de curso, incorporándose as propostas de mellora á programación do curso seguinte.
- ✦ Tamén se levará a cabo unha avaliación continua, nas reunións de equipos de ciclo e comisión de coordinación pedagóxica, comentaranse casos puntuais que poidan modificar ou enriquecer o Plan de Acción Titorial. De acordo co carácter da proposta ou modificación, engadirase ao Plan de Acción Titorial ou ben formularanse na memoria para o seu estudo e aprobación durante o curso seguinte.
- ✦ Para o estudo das novas propostas que se formulen na programación xeral do curso, e que deban ser consensuadas por todo o profesorado, organizaranse grupos de traballo e periodicidade para súa elaboración. Unha vez aprobadas en Claustro sumaranse ao Plan de Acción Titorial.